

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: Listas definitivas - Proceso estabilización - Capataz/a Protección civil - Persoal laboral fixo

EXPEDIENTE: 2023/G003/000743

Vista a Resolución da Alcaldía do Concello de Teo nº 1561/2022, de 29 de novembro, que aprobou as bases xerais, específicas e convocatoria do proceso de estabilización do emprego temporal ao abeiro do previsto nas Disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021 de 28 de decembro, dunha (1) praza de capataz/a de Protección Civil, persoal laboral fixo.

Visto o anuncio da convocatoria publicado no Boletín Oficial da Provincia número 230, de data 5 de decembro de 2022, e os publicados no Diario Oficial de Galicia, número 236, de 14 de decembro de 2022, e no Boletín Oficial do Estado, número 301, de 16 de decembro de 2022.

Considerando que con data 10 de febreiro de 2023 finalizou o prazo de presentación de reclamacións á lista provisional de persoas aspirantes.

Vista as Bases que rexen a convocatoria, e de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas do proceso selectivo para a provisión, dunha praza de capataz/a de Protección Civil, persoal laboral fixo, ao abeiro do previsto nas Disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro.

Persoas aspirantes admitidas

APELIDOS	NOME	DNI / NIE	EXAME LINGUA GALEGA
DOMINGUEZ DUBRA	JOSE	***1360**	EXENTO
FRANCO CARRILLO	ARTURO	***8955**	EXENTO
GARCIA SOUTO	DANIEL	***4821**	EXENTO
GIL GARCIA	PEDRO	***2763**	EXENTO
GOLAN MIGUEZ	JULIO	***8558**	EXENTO
MATEO RIAL	FRANCISCO	***2289**	EXENTO

Persoas aspirantes excluídas

Segundo.- Nomear ás seguintes persoas como membros do tribunal cualificador ao abeiro do previsto na cláusula sétima das Bases xerais que regulan a convocatoria

- Presidencia
 - Titular: Luis Enrique Papiri Villanueva (administrativo do Concello de Teo)
 - Suplente: Diego Rodríguez Porto (técnico de xestión económica e Tesouraría do Concello de Teo)
- Vogais
 - Titular: Miguel Ángel Arca Bello (bombeiro – condutor do Servizo de Extinción de Incendios do Concello de Santiago de Compostela)
 - Suplente: José Martín Gómez Miramontes (policía local do Concello de Teo)
 - Titular: Manuel Varela Souto (coordinador do Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil do Concello de Cambre)
 - Suplente: Daniel Cernadas Campo (bombeiro do Concello da Coruña)
 - Titular: Begoña Del Río Martínez (responsable de Protección Civil e policía local do Concello de Santiago de Compostela)

- Suplente: Carlos Nieto Gesto (policía local do Concello de Teo)
- Secretaría
 - Titular: Mónica Mella Rosende (traballadora social do Concello de Teo)
 - Suplente: Berta Conde López (traballadora social do Concello de Teo)

Os membros do tribunal absteranse de intervir, e o comunicarán á autoridade convocante, cando concorra algunha das circunstancias previstas ao efecto no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. As persoas aspirantes poderán recusalos cando concorra algunha de ditas circunstancias consonte o establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Terceiro.- Convocar ás persoas integrantes do tribunal cualificador para o vindeiro día mércores 14 de xuño de 2023, ás 10.00 horas, na Sala de Xuntas do Concello, aos efectos de constitución do tribunal e valoración dos méritos achegados polas persoas aspirantes.

Cuarto.- Facer pública a presente resolución, mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios, na páxina web e notificala aos membros do tribunal cualificador.

Quinto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado, polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

O alcalde en funcións,
Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral, que dou fe
Virginia Fraga Díaz